

## **INFORMACIÓN XUNTANZA 29/30 XULLO 2017 AGKM**

Estimados socios e afíns a AGKM (Asociación Galega de Kaiak de Mar), os vindeiros sábado 29 e domingo 30 de Xullo do 2017, propoñense as seguintes actividades:

Sábado 29 de xullo:

- Travesía ata a illa de Cortegada. Saída as 10.00, dende a Praia das Xestelas, na illa de Arousa. Retorno sobre as 18:00. Distancia, 25 Km (Aprox). Deberase levar, comida e bebida necesaria. Importante: Para esta Travesía, resulta necesario estar en posesión do Permiso de Navegación, otorgado polo Parque Nacional Das Illas Atlánticas. Para solicitálo, resulta moi xinxelo, a través de este enlace: “[http://www.iatlanticas.es/html/index2191.html?option=com\\_wrapper&view=wrapper&Itemid=200077&lang=es](http://www.iatlanticas.es/html/index2191.html?option=com_wrapper&view=wrapper&Itemid=200077&lang=es)”. Para kaiak, so fai falta enviar a solicitude cuberta, mailo DNI. O formulario descárgase en este enlace : “[http://www.iatlanticas.es/formulario/formulario\\_espanol.pdf](http://www.iatlanticas.es/formulario/formulario_espanol.pdf) “. Pregase o cumprimento de este trámite, pois poderanse asumir, no caso de incumplimento, consecuencias legais de forma personal.
- Asamblea extraordinaria AGKM : As 19:00 h, en primeira convocatoria, e as 19:30 h, en segunda convocatoria. Realizarase no Camping El Edén, na Illa de Arousa. Solo socios.
- Cea de confraternidade. Celebrarase no restaurante do Camping El Edén. Prezo máximo de 15 Euros/Persoa. Cada persoa deberá abonar de forma personal a cea. O menú, tentarase informar en datas máis próximas a súa celebración. Precísase inscrición previa, para poder realizar a reserva e confirmación.

Domingo 30 de Xullo:

- Travesía ata a Illa de Rúa. Saída as 10:00 h, dende a Praia das Xestelas, na Illa de Arousa. Percorrido de uns 18 Km. Chegada sobre as 14:00 h.
- Despedida e peche da actividade.

A estancia durante o fin de semana, poderase realizar no Camping El edén. Dende a AGKM, realizase a reserva de dúas parcelas, nas que se poderán instalar algunhas tiendas de campaña, previa solicitude e confirmación a través do correo “ [agkmkayak@gmail.com](mailto:agkmkayak@gmail.com)”, con preferencia para socios. Para máis información sobre o camping, podese consultar no seguinte enlace: “ <http://www.eledencampingplaya.com/> “. A reserva de plaza, en calquera das modalidades que oferta o camping, deberá ser xestionada de forma individualizada e persoal, [pol@sinteresad@s](mailto:pol@sinteresad@s), así como o seu pagamento. As tarifas aplicables, son as indicadas na tarifa oficial do propio camping.

Será de obrigado cumprimento, para a participación nas travesías, dispoñer de un kaiak de mar, con compartimentos estancos, en óptimas condicións de conservación e uso, o menos dúas pás (unha de reserva), chaleco de flotabilidade adecuado e silbato. E conveniente, dispor de casco de seguridade, así como de cabo remolque/rescate e achicador de auga.

Requirese uns coñecementos e experiencia mínimos, para poder realizar as travesías, en condicións de seguridade, tanto personal, como para os demais participantes. Resulta imprescindible saber palear con soltura, mantendo un ritmo constante, durante as horas que dure a travesía, así como saber realizar as maniobras de rescate e reembarco, con total seguridade.

A organización, poderá excluír da participación nas travesías, a todas as persoas, que baixo o seu criterio , non cumpran ou reunan as normas básicas, en canto equipamento e aptitudes, para que as condicións de seguridade, durante as travesías, sexan óptimas.

Os non socios, deberán aboar un pagamento de 5 Euros, en concepto de seguro actividades.

Por motivos organizativos, solicítase inscrición previa, a través de foros ou correo electrónico da asociación.